

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas definitivas para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2022-2023 correspondentes ás especialidades de Lingua estranxeira inglés, Lingua estranxeira francés, Educación física, Música, Pedagogía terapéutica, Audición e linguaxe do corpo de mestres.

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (*Diario Oficial de Galicia* n.º 131, do 11 de xullo de 2017), que, no seu apartado segundo, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocado pola Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG, n.º20, do 31 de xaneiro), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades de Lingua estranxeira inglés, Lingua estranxeira francés, Educación física, Música, Pedagogía terapéutica, Audición e linguaxe do corpo de mestres, nos termos que establece a base vixésimo sexta da citada convocatoria.

Con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo quinta da citada Orde do 28 de xaneiro de 2022,

#### RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e facer públicas, no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades [www.edu.xunta.gal/substitutoslistas](http://www.edu.xunta.gal/substitutoslistas), as listas definitivas, para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2022-2023 correspondentes ás especialidades de Lingua estranxeira inglés (597032), Lingua estranxeira francés (597033), Educación física (597034), Música (597035), Pedagogía terapéutica (597036) e Audición e linguaxe (597037) do corpo de mestres, convocadas pola Orde do 28 de xaneiro de 2022, das persoas con dereito a incorporación ás correspondentes listas. Xunto coas listas ordenadas das novas incorporacións publicaranse, para os meros efectos informativos, as listas completas por especialidade.

Segundo. Aprobar e facer públicas, no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal), as relacións definitivas de persoas excluídas das listas correspondentes ás especialidades de Lingua estranxeira inglés, Lingua estranxeira francés, Educación física, Música, Pedagogía terapéutica e Audición e linguaxe do corpo de mestres (Anexo I), polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. Coa aprobación e publicación das listas definitivas de persoas admitidas e da relación definitiva de persoas excluídas enténdense resoltas as reclamacións e alegacións formuladas contra as listas provisionais e contra a relación provisional de persoas excluídas.



Cuarto. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

